

O ciclo SON(S) Ferrol, no que xa se presentou o artista Jorge Drexler o pasado mes de xaneiro, contará tamén coas actuacións de Tricky e The Michael Nyman Band este 2018

Natalia Lafourcade chegará o domingo 18 de febreiro a SON(S) Ferrol 2018

Tras o seu paso por Barcelona e Madrid, a cantante mexicana recalará o terceiro fin de semana de febreiro no Auditorio de Ferrol para presentar o seu último álbum, *Musas*, e facer un repaso por algúns dos seus grandes temas a ritmo de jazz, rock, bossa nova e folk

As últimas entradas para o concerto están dispoñibles a través da plataforma Ataquilla.com



Ferrol, 5 de febreiro de 2018.- Tras o seu paso por Barcelona e Madrid, Natalia Lafourcade recalará o domingo 18 de febreiro, ás 20.00 h, no ciclo SON(S) Ferrol 2018. A artista mexicana, coñecida pola súa mestura de sons latinoamericanos con elementos de jazz, rock, bossa nova e folk, interpretará no Auditorio de Ferrol os grandes éxitos da súa carreira e presentará, ademais, o seu último álbum *Musas*.

Desde o seu álbum debut en 2002, *Natalia Lafourcade*, a artista non parou de cultivar éxitos, logrando unha nominación aos premios Grammy con tan só 17 anos e alzándose, posteriormente, cun Grammy e cinco Grammy Latinos por *Hasta la raíz*, o seu traballo máis exitoso ata agora. En 2018 regresa a España con *Musas*, unha homenaxe ao folclore latinoamericano en mans de Los Macorinos; unha xoia que Natalia puido crear xunto ao dúo de músicos que acompañou de xira á gran Chavela Vargas. Unha fermosa e delicada produción publicada en maio de 2017, onde a súa voz está acompañada pola calidez de dous guitarras acústicas, un catro venezolano, *jaranas*, percusións, piano, armonio e contrabaixo. Unha produción na que tamén destaca o contido audiovisual a través de poderosas imaxes que reflicten o trasfondo humano do proxecto. Lafourcade ofrecerá tan só tres concertos en España en 2018: Madrid, Barcelona e Ferrol. *As últimas entradas para Natalia Lafourcade están dispoñibles a través da plataforma on line Ataquilla.com (desde 18€).*

SON(S) FERROL 2018. O ciclo SON(S) Ferrol continúa a súa aposta pola calidade musical e polo eclecticismo este 2018. Tres novas figuras de pegada internacional estarán presentes no cartel do ciclo deseñado pola Concellería de Cultura de Ferrol para 2018. Ademais da mexicana Natalia Lafourcade, o venres 2 de marzo, ás 21.00h, chegaralle o seu turno a Tricky, que fará vibrar as táboas do Teatro Jofre de Ferrol co seu novo álbum de trip-hop *ununiform*. Finalmente, un dos artistas máis fascinantes e influentes do noso tempo, Michael Nyman, aterrará en outono no Auditorio de Ferrol para festexar cun concerto especial de aniversario o 40 aniversario da súa banda The Michael Nyman Band. Os nomes destes músicos súmanse ao de Jorge Drexler no cartel de SON(S) Ferrol, que presentou o seu último traballo, *Salvavidas de hielo*, o pasado 19 de xaneiro no Teatro Jofre de Ferrol.

TAMÉN EN SON(S) FERROL: Tricky (venres 2 de marzo, ás 21.00 h, no Teatro Jofre de Ferrol). Icona do pop ameazante, Tricky (alias artístico do todopoderoso músico británico Adrian Thaws), chega a SON(S) Ferrol para presentar o seu novo disco, *ununiform*, publicado en setembro de 2017. Abrazar o cambio, continuar movéndose e mutando é o que mantén ao músico de Bristol vital como artista. Berlínés na súa xestación (salvo catro cortes nados en Moscú), *ununiform* é, tal vez, o seu mergullo discográfico máis evidente na felicidade e no relaxo. O de alguén que acepta o seu legado e que está en paz co trip-hop. E, aínda así, incluso nas súas opacas e crípticas letras, pálpase o seu sentido da aventura, ese hipnotismo musical que non (o) abandona. *Compra de entradas: desde 15€ en Ataquilla.com.*

CONTACTO DE PRENSA SON(S) FERROL 2018

Luisa Castiñeira. Tel. +34 620 113 155

comunicacion@i-radiacrea.com